

## **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA da Asociación cívico-cultural Terra de Outes, celebrada no local social de Outes. Sábado, 21 de xaneiro de 2017**

Sendo as 12:30 horas do día 21 de xaneiro de 2017, no local social de Outes, reúnese en segunda convocatoria, en asemblea xeral ordinaria, a asociación cívico-cultural Terra de Outes.

Asisten: Xoán Mariño, Paz González, Xesús Mato, Lidia Vicente, Xosé Dios, Vicente Abelleira, Xosefa Alborés, Rafael Fontenlos, Xosé Manuel Vázquez, Ricardo Rodríguez, José Antonio García, Alejandro Pombo e Ramón Blanco.

Lidas e aprobadas as actas anteriores (correspondentes á asemblea xeral ordinaria do 16 de xaneiro de 2016 e mais ás asembleas xerais extraordinarias do mesmo 16 de xaneiro de 2016 e do 15 de outubro de 2016) a directiva procede á entrega e explicación da memoria de actividades do 2016. O presidente, Xoán Mariño, comeza a relación de actividades que se levaron a cabo falando da importancia da revista, que foi aumentando páxinas e colaboradores, e manténdose como símbolo de calidade. Tamén incide no logro que tivemos en 2016 nas xornadas dedicadas ás Letras Galegas: charlas, homenaxes... unido ao encontro de embarcacións tradicionais que coordinou Xesús Mato. Dese xeito, naquela data, fixemos coincidir a Muiñada e as Letras Galegas. O cuarto evento de peso que levamos a cabo foi a publicación do libro de Xoán García *100 anos da Historia de Outes*. En xullo organizamos un encontro de poetas, inicialmente non previsto, na Horta do Muíño, o cal tamén tivo éxito. A finais de ano levamos a cabo a exposición de esculturas de Emilio Mariño. Cumpriuse así o plan xeral, e aínda incluímos novas actividades.

Interveñen Ricardo Rodríguez e Paz González: en setembro participouse en dúas andainas, Xoves Santo (andaina no Freixo) e outra o día do Cross de Broña. Explican ambos que isto axuda a valorizar o territorio e paisaxe. Leváronse as embarcacións á segunda andaina e aproveitouse para explicar a actividade da asociación.

Interveñen Paz González e Xesús Mato para falar da actividade no País Vasco. A Federación pola Cultura Marítima e Fluvial pediu levar barcos ao País Vasco e participamos en Pasaia, cos vascos que teñen vido aos nosos encontros. José Antonio García e Xesús Mato encargáronse de levalos a Vigo para iren en tráiler. Siro acompañou como representante de Terra de Outes o barco Támara (que foi o único que puidemos levar). Nós só pagamos o transporte a Vigo, o resto pagouno a federación.

Intervén Xosé M<sup>a</sup> Dios: participamos tamén nas xornadas socio-sanitarias. E espera que sigamos colaborando e pagando o detalle do ponente (Xoán Mariño e Xesús Mato responden, en nome da directiva, que non hai problema).

A seguir a directiva explica o plan xeral de actividades para 2017. Parte do orzamento anual irá destinado a:

1º.- Revista: faremos 10 anos de publicación, e por iso imos celebrar unhas xornadas arredor das publicacións en galego.

2º.- Embarcacións: Rescatouse do mar unha dorna, que está agora no Náutico de Portosín, tal como explica Xesús Mato. Repararase nun local que ten José Antonio García en Noia. Ofrecéronse a traballar na restauración Enrique e Siro, do Vieta, que contarán coa axuda de X. Mato e J. A. García. Xesús Mato explica que outra xestión que fixo foi delegar nunha xestoría o traballo burocrático. Tamén queremos recuperar un bote Sancosmeiro, dentro do proxecto GALP, Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro -aclara as siglas Alejandro Pombo- (Pepe Sacau é o noso representante dentro desta

entidade); estamos pendentes de que nos aproben o proxecto en marzo. Este ano tamén participaremos cos nosos barcos no encontro de barcos de Combarro.

3º.- Andaina (proposta de Ricardo Rodríguez): participar e preparar material que acompañe a interpretación da paisaxe. Santiago Llovo está disposto a colaborar. Teñen a idea de separar as andainas do litoral e engadir máis contidos, como p. ex. capital industrial. Trátase de aportar máis capas de información. E talvez implicar aos centros de ensino. Paz González suxire que quede Ricardo Rodríguez encargado de coordinar e este acepta.

Tanto a memoria como o plan anuais son aprobados por unanimidade, e acto seguido a tesoureira, Paz González, entrega un documento co exercicio económico do ano pasado e procede a detallalo.

Luisa Baña, Manuel Prol e Enrique Vidal incorpóranse á asemblea ás 13.15 h.

Vicente Abelleira di que nas contas que se nos entregan non debería estar recollida a subvención da Deputación de 2015. Paz González explica que a subvención da Deputación de 2015 (1.496 euros) é un ingreso feito en 2016. A tesoureira di que vai poñela como saldo 2015, onde tamén incluíu a do Concello. Tamén corrixe un ingreso que hai de publicidade que non se incluía. Tamén aclara que as subvencións en curso aínda non foron cobradas.

Explica o que fomos ingresando:

Curso de Vela: cobráronse 12 euros aos que non foran socios e ofreceuse asociarse para así xa lle ir incluído na cota.

Libros, a maioría da presentación do libro de Xan García.

Os bares pagaron a comida da concentración dos barcos nas Letras Galegas, e contribuíron, e os participantes tamén pagaron algo (uns 5 euros).

O ingreso real da lotería son uns 750 euros.

Subsidio: a 1ª é do 2015, poñémola entón como saldo 2015.

Incorpóranse á asemblea Domingo Campos e Berta Nieto ás 13:25 h.

O anterior alcalde despistouse (di Xesús Mato), tiñamos que pedir 1.000 euros máis no subsidio do Concello, pero non viñan eses cartos a maiores cando nolo concederon. A interventora tiña vontade de amañalo, pero tal como se formulaba non era factible. E dixéronnos que a primeira factura que puidésemos presentarlle ao Concello, que lla presentásemos e xa nola pagaban eles.

Os seguros de Santa Lucía son o de responsabilidade civil e o das embarcacións a terceiros.

A cota da limpeza do xardín da memoria é só por un trimestre, pois aínda o contratamos ao final de ano.

As “Flores homenaxes Añón”: no 50º aniversario e mais no encontro de poetas.

Vicente Abelleira di que os 1.000 euros que faltan do Concello deberían estar nas contas do 2017 e non nestas, pero Paz González explica que xa non están recollidos.

Unha vez corrixido o documento, o saldo ao peche do exercicio do 2015 era de 5.431,27 euros; no 2016 ingresáronse 11.596,05 euros e gastáronse 10.942,55 euros, o cal nos dá un saldo final positivo de 6.084,77 ao peche do exercicio do 2016.

Apróbanse as contas por unanimidade.

Acto seguido ten lugar a formalización das cotas anuais, que se manteñen no prezo de 12 euros.

Dáse paso ao punto "rogos e preguntas".

Vicente Abelleira pide que nos actos, sempre que sexa factible, deberiamos utilizar megafonía, porque na homenaxe a Añón no monumento, por exemplo, se escoitaban máis os coches que a xente que interviña. Podemos mirar orzamentos, di Paz González. Xoán Mariño di que os aparellos en si non son caros, pero o sistema eléctrico si. Alejandro Pombo indica que sempre queda opción de ter equipo con batería.

Tamén propón Alejandro Pombo que metamos na páxina web os estatutos, por transparencia. Vicente Abelleira fará o traballo de copialos, xa que non os temos en formato electrónico de procesado de textos.

E sen ningún outro particular que tratar, levántase a sesión sendo as 14:03 horas, do cal dou fe como secretario.

En Outes, a 21 de xaneiro de 2017.